

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Modificacións das competencias atribuídas á Xunta de Goberno Local, corporación 2023-2027

ANUNCIO

MODIFICACIÓNS COMPETENCIAS ATRIBUÍDAS EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Constituída a Corporación Municipal en data 17/06/2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o 28/05/2023, resolución da alcaldía nº 204/2023, no que se nomeaba os membros e as competencias atribuídas á Xunta de Goberno Local da Corporación Municipal 2023-2027.

Visto o acordo de pleno 25/05/2024 de modificación de competencias atribuídas á Xunta de Goberno Local: “solicitude, tramitación e contratación das subvencións provenientes de Fondos Europeos, nas súas distintas denominacións”, publicada a modificación no BOP nº 91 do venres 10 de maio de 2024.

En virtude do disposto no artigo 22.4 da lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, na sesión de pleno ordinario que tivo lugar o 25 de abril de 2025 por unanimidade dos asistentes acordouse:

1º.- Ampliar as competencias atribuídas na Xunta de Goberno Local, cuxa competencia básica é prestar asistencia e asesoramento a esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións, ostentará por delegación da mesma, as competencias seguintes:

- * As concesións e transmisión de autorizacións de aperturas e establecementos.
- * Recoñecemento e eficacia en comunicacións previas de obras.
- * Declaración de interese xeral de construcións e instalacións a emprazar en solo rústico.
- * Concesión, transmisión ou modificación de autorizacións de auto-taxi e demais vehículos de aluguer, así como declaración de caducidade das mesmas.
- * Aprobación de facturas de importe igual ou superior a 1.200,00€.
- * Estudio de subvencións.
- * Solicitude, tramitación e contratación das subvencións provenientes de Fondos Europeos, nas súas distintas denominacións.
- * Posibles creacións e modificacións dos prezos públicos para unha maior eficacia, eficiencia e axilidade na xestión administrativa.

O que se fai público para coñecemento

Tordoia, a 14 de maio de 2025

O Alcalde

Eduardo Antonio Pereiro Liñares

2025/3098



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Modificación das competencias atribuídas a Xunta de Goberno Local, Corporación 2023-2027

O 27/06/2023 ditouse pola Alcaldía a Resolución nº 204/2023, no que se nomeaba os membros e as competencias atribuídas na Xunta de Goberno Local da Corporación Municipal 2023-2027.

En vista das numerosas subvencións que se están publicando cada día, provenientes de Fondos Europeos, coas súas diferentes denominacións, e cuxas destinatarias son entidades locais, e nas que esta Corporación está interesándose, debido a que contribúen ao desenvolvemento e promoción do Concello de Tordoia como entidade, e cuxo procedemento require dun maior esforzo pola súa complexidade na solicitude, tramitación e contratación.

En virtude do disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na sesión Plenaria que tivo lugar o 25 de abril de 2024 por unanimidade dos asistentes acordouse:

1º Ampliar as competencias atribuídas á Xunta de Goberno Local deste xeito:

A Xunta de Goberno Local, cuxa competencia básica é prestar asistencia e asesoramento a esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións, ostentará, por delegación da mesma, as competencias seguintes:

- As concesións e transmisión de autorizacións de aperturas e establecementos.
- Recoñecemento e eficacia en comunicacións previas de obras.
- Declaración de interese xeral de construcións e instalacións a emprazar en solo rústico.
- Concesión, transmisión ou modificación de autorizacións de auto-taxi e demais vehículos de aluguer, así como declaración de caducidade das mesmas.
- Aprobación de facturas de importe igual ou superior a 1.200,00 €.
- Estudio de subvencións.
- Solicitude, tramitación e contratación das subvencións provenientes de Fondos Europeos, nas súas distintas denominacións.

Tordoia, 7 de maio de 2024

O Alcalde,

D. Eduardo Antonio Pereiro Liñares

2024/3094

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Publicación dos nomeamentos dos membros da Xunta de Goberno Local e periodicidade das sesións, da Corporación 2023 - 2027

Nomeamentos dos membros da Xunta de Goberno Local e periodicidade das sesións, da Corporación 2023 - 2027.-

En data 27/06/2023 esta Alcaldía ditou o decreto nº 204/2023, que se transcribe no seu literal:

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28/05/2023 e logo de proceder o día 17/06/2023 á constitución da nova Corporación Local, en virtude do disposto nos artigos 20.1.b) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 35.2 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes Concelleiros:

- D. Óscar Liñares Casal
- D. Alfonso Vázquez Becerra
- D. José Ramón Seoane Castro

SEGUNDO. Establecer as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, que terán lugar o segundo e cuarto mércores, non festivo de cada mes, ás 13:00 horas, sen prexuízo de posibilidade de variación motivada.

TERCEIRO. A Xunta de Goberno Local, cuxa competencia básica é prestar asistencia e asesoramento a esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións, ostentará, por delegación da mesma, as competencias seguintes:

- A concesións e transmisión de autorizacións de aperturas de establecementos.
- Recoñecemento e eficacia en comunicacións previas de obras.
- Declaración, de interese xeral de construcións e instalacións e emprazar en solo rústico.
- Concesión, transmisión ou modificación de autorizacións de auto-taxi e demais vehículos de aluguer, así como declaración de caducidade das mesmas.
- Aprobación de facturas de importe igual ou superior a 1.200,00€
- Estudio de subvencións.

CUARTO. Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello dirección

<https://www.tordoia.es>

QUINTO. A delegación comprende tanto as facultades de dirección como a xestión de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

SEXTO. Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que se celebre.

Tordoia, 4 de xullo de 2023

O Alcalde,

D. Eduardo Antonio Pereiro Liñares